

***LAS CRÓNICAS DEL
SOCHANTRE.
HISTORIA DUNHA
«MODIFICACIÓN» GALEGA
NA BRETAÑA***

Christine Rivalan Guégo

CELLAM

Université Rennes 2

DOI: [10.17075/gboc.2020.011](https://doi.org/10.17075/gboc.2020.011)

A *China*, gata bretoa,
galega para sempre.

As crónicas do sochantre, relato publicado en 1956 en Galaxia e posteriormente, en 1959, en castelán na editorial de Alfredo Herrero Romero, forma parte do que o mesmo Álvaro Cunqueiro veu a denominar o «ciclo bretón» da súa produción¹. A edición en castelán inclúe un «Epílogo para bretones» anexo que ten presente un público de fóra, aínda que próximo pola temática, que xustifica plenamente o interese que lle poidamos manifestar. Pola dedicatoria a Francisco Fernández del Riego² (1913-2010), impulsor, con Ramón Piñeiro e Jaime Isla Couto, da Editorial Galaxia (fundada en 1950), Á. Cunqueiro reafirmase tamén, desde o limiar do texto, galeguista e membro activo do Rexurdimento galego.

O CONTEXTO LITERARIO

Cando se percorre o panorama da literatura europea daqueles anos, chama a atención o desaxuste entre unhas preocupacións aparentemente locais, case folclóricas, e a publicación de obras que anovaron tanto a escrita novelesca como as temáticas. Así, en 1956 viron a luz traballos de Michel Butor (*L'Emploi du temps*), Albert Camus (*La Chute*) e Nathalie Sarraute (*L'Ère du soupçon*), e o ano anterior Rafael Sánchez Ferlosio publicara *El Jarama* e Nabokov *Lolita*. Eran tempos de renovación narrativa, de buscas e de cuestionamento do mesmo concepto de novela. Polo cal *Las crónicas del Sochantre* poderían aparecer como anacrónicas se lembramos a intriga: no ano 1793, o percorrido pola Bretaña do sochantre de Pontivy, levado por unha hoste de defuntos a tocar no enterro dun finado, cun intervalo composto polos relatos das circunstancias das súas respectivas mortes durante unha noite de etapa.

¹ Este ciclo inclúe *Merlín y familia*, *El caballo, la muerte y el Diablo* e *Las crónicas del Sochantre*.

² Posteriormente, en 1991, publicou en Xerais un monográfico sobre Álvaro Cunqueiro: Francisco Fernández del Riego / José Francisco Armesto Faginas / Xosé María Álvarez Cáccamo / Xoán González Millán (1991): *Álvaro Cunqueiro (1911-1981): unha fotobiografía*, Vigo, Xerais.

No entanto, o tratamento literario das crónicas achégaas ás problemáticas europeas máis que ás dun dos seus compañeiros de letras. Próximo a Á. Cunqueiro, tanto en idade como en amizade, está José María Castroviejo, autor de *El pálido visitante* (Porto y Cía. Editores, 1960). Acollido na Bretaña por uns amigos, especialmente Bernard de Parades, folclorista, J. M. Castroviejo faise eco dunha serie de lendas bretoas, todas relatadas polos seus amigos. Privilexia os ambientes de bruma e vento e, no seu «Prólogo», aclara a súa intención: volver ao esencial da literatura, ao deleitar ensinando. Reivíndícase escritor en reacción ás orientacións literarias da súa época e conclúe o «Umbral» con estas palabras:

Por eso, desde esta Galicia en la que la imaginación fué siempre su mejor bandera, literaria, popular y entrañable, traigo hoy estos relatos en los que he mezclado realidad y ensueño, con la seguridad de que responden, intencionalmente, por encima de las modas y de los malos modismos, a lo que sentimos también de manera entrañablemente firme³.

O posicionamento está moi claro e remite a un libro baseado —non por completo, porque a segunda parte da obra se refire a Galicia— nos relatos que pertencen á memoria dos bretóns, á maneira de Anatole Le Braz en *La légende de la mort chez les Bretons armoricains* (1893). Nada disto en *Las crónicas...*, que, malia a súa situación na Bretaña, teñen outro alcance literario, aínda que non reivindicado dun xeito directo. Diferentes estudosos de Á. Cunqueiro xa analizaron demoradamente o libro, cuestionando en particular o uso da ironía e a posta en causa dun modelo de novela do século XIX. Pese a que o procedemento do manuscrito encontrado non teña nada de novo, participa da intención de Á. Cunqueiro de levar o lector a reflexionar sobre o que é a novela e sobre a ilusión realista a partir dalgúns experimentos da época, como a polifonía de voces narrativas, o cuestionamento da autoría, o recurso á creación colectiva, a mestura de xéneros literarios e a estratexia do distanciamento. En palabras de Xosé María Dobarro Paz:

Las notas claves de la obra literaria de Álvaro Cunqueiro son la combinación de la realidad con la fantasía, la deformación del tiempo y el espacio y la utilización de índices al final de

³ José María Castroviejo (1960 [asinado no outono de 1959]): «Umbral», en *El pálido visitante*, Santiago de Compostela, Porto y Cía. Editores.

muchas de las obras en las que nos da los datos biográficos de sus imaginarios personajes como si de alguien real se tratase⁴.

Todo iso xa se estudou detidamente⁵ e, para non volver demasiado sobre o mesmo e a fin de conectar coa temática histórico-xeográfica das relacións entre Galicia e a Bretaña, convén documentar o recurso aos topónimos bretóns, omnipresentes nestas crónicas, co obxecto de cuestionar máis unha vez o texto desde a coordenada espacial e propor unha lectura quizais algo heterodoxa de *Las crónicas...* Para isto parece necesario empezar polo final da obra, polo «Epílogo para bretones». En efecto, chegado ao final da súa lectura, o lector vai saber que o autor non respectou por completo o pacto que o unía implicitamente aos seus lectores: contoulles algo que non coñecía de forma directa e, nun contexto de valoración positiva do realismo, iso parece merecer algunhas explicacións.

«EPÍLOGO PARA BRETONES»

A viaxe á Bretaña, viaxe de descuberta e coñecemento, formaba parte das experiencias ineludibles de moitos dos intelectuais galegos. Así, a de Castelao á Bretaña no ano 1929 deulle a ocasión de inventariar os calvarios e a de Fermín Bouza-Brey, en 1932, achegoulle a inspiración para o seu poema sobre a noite bretoa no faro de Eckmühl. Igualmente, J. M. Castroviejo viaxou repetidas veces á Bretaña, onde tiña uns amigos persoais.

No momento de publicar a edición en castelán da novela, non era o caso de Á. Cunqueiro, cuxo coñecemento daquelas terras era libresco. Non foi ata 1964 cando as visitou co polémico e controvertido Polig Montjarret, que compartía con el o interese pola música e o canto tradicionais. Porén, tiña un coñecemento da Bretaña e do bretón grazas ás súas lecturas. De feito, existía unha biblioteca

⁴ Xosé María Dobarro Paz (1974): «Cunqueiro Mora, Álvaro», en *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 8, Gijón, Silverio Cañada, 113-114.

⁵ Cabe citar a tese de Juan José Fernández lida en Rennes 2 e titulada «*Las crónicas del Sochantre*»: *présentation, traduction et notes* e a de Massimilla Pialorsi *Juegos metaliterarios e imaginación en la obra de Álvaro Cunqueiro*, lida na Complutense de Madrid en 2013.

do intelectual galego na que cabían, entre outras moitas, obras de Chateaubriand, Renan, Villiers-de-l'Isle Adam, Le Braz e Le Goffic⁶, no caso dos franceses, e de lord Dunsany, no dos irlandeses. A súa lectura brindaba unha materia bretoa anovada e esa utilizou Á. Cunqueiro. Como ben explica, este epílogo dálle a oportunidade de explicitar a súa técnica literaria na evocación das terras bretoas e empeza por citar as súas fontes:

Sean los bretones que lean este libro que el Autor no ha viajado por su tierra, y todo lo que aquí, en estas *Crónicas* se cuenta de ella, está tomado de mapas, de libros de viajes, de lecturas de Chateaubriand y Le Goffic, de algunas historias de ciudades y de cartas ejecutorias de las nobles familias, esas cartas encuadradas en piel de perro, y que vistas de lomo en la Cámara de Rennes, donde dicen que están ordenadas por apellidos mayores y menores, parecerá cada estirpe una jauría de manchados lebreles.

Logo indica cal foi a técnica empregada para substituír a súa ausencia de coñecemento físico da Bretaña:

El campo y las ciudades, los ríos y los vados, los caminos y las ruinas, los he pintado del natural de la tierra mía, Galicia, siendo ambos, el bretón y el galaico, reinos atlánticos, finisterres, parejos en flora y fauna, y provincias vagamente lejanas.

O parentesco probado entre as dúas rexións permítelle describir unha a partir do que coñece da outra. O método lexitímalo as súas consultas con Philippe Leven, o bretón de Lugo, o seu referente en Galicia para a Bretaña:

Celebré amplia consulta con Felipe Leven, alias el Francés de Rinlo, que en este pueblecillo de la marina de Lugo carpintea de ribera, y es de nación bretona, maluíno propio, y se precia de hablar dos lenguas de allá, la de Saint-Maló y el bretón bretonante, y me dijo que encontraba a su patria en mis relatos tal y como él la dejara hace unos cuarenta años.

⁶ Chateaubriand (*Mémoires d'outre-tombe*, 1848), Ernest Renan (*La Poésie des races celtiques*, 1854, e *Souvenirs d'enfance et de jeunesse*, 1882), Auguste Villiers de l'Isle-Adam (*Contes cruels*, 1883), Charles Le Goffic (*L'Âme bretonne*, 1902-1922) e Anatole Le Braz (*La légende de la mort chez les bretons armoricains*, 1893).

Remata afirmando o seu amor á Bretaña antes de coñecela:

Quisiera que se viera en estas páginas el amor que le he ido tomando a Bretaña a lo largo de variadas y ocasionales lecturas: Chateaubriand, Renan, Villiers de l'Isle-Adam, Le Goffic, etc.

Despois de semellante declaración de amor, difícil reprocharlle a súa ignorancia física da Bretaña. Ademais, xa é tempo de cuestionar a materia bretoa manexada na novela.

A VIAXE POLA BRETAÑA

É unha viaxe xeográfica nutrida polo literario e o histórico nas súas diversas manifestacións: monumentais e xenealóxicas coas liñaxes e escudos⁷. Subamos de polísons á carroza e sigamos a hoste no seu percorrido pola Bretaña⁸.

A novela ábrese cun íncipit que lle presenta ao lector en termos xerais a terra da Bretaña e retrata os seus habitantes, «sonoros celtas», antes de iniciar a viaxe da hoste, dinámica danza macabra. A primeira frase, para alén das súas reminiscencias renanianas, parece sacada dunha presentación de libro de texto de xeografía: «Bretaña es una tierra muy peñascosa por el lado del mar, pero se abre en amplias planicies, valles estrechos y alegres oteros, por donde se une a Francia». Tamén recorda o íncipit de *El Jarama*, no cal Rafael Sánchez Ferlosio empezou por unha descrición xeográfica⁹, e isto xa suxire que, a pesar das aparencias, Á. Cunqueiro non está lonxe das preocupacións dos novelistas do seu tempo e dos seus expe-

⁷ Camiño Noia Campos interesouse por reconstruír a viaxe do sochantre. Para diferentes localizacións sinala a ausencia de referencias posibles (é o caso do cruzamento da Lontra, así como de Vernié, Les Pieux, Plemille, Samble e Comfront). Íd. (2017): «Pola ruta do sochantre das *Crónicas* de Cunqueiro», en Armando Requeixo (ed.), *Sobre letras e signos: estudos en homenaxe a Anxo Tarrío Varela*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 627-639.

⁸ Entre as influencias podería contarse tamén *La diligence de Ploërmel*, de Ernest-Louis-Victor-Jules L'Épine, *Quatrelles*, publicado en 1883 por Hachette, con ilustracións de Eugène Courboin. O frontispicio, cunha dilixencia arrastrada por cabalos desbocados, puido alimentar o imaxinario bretón de Álvaro Cunqueiro.

⁹ «Describiré brevemente y por su orden estos ríos, empezando por Jarama: sus primeras fuentes se encuentran en el gneis de la vertiente Sur de Somosierra, entre el Cerro de la Cebollera y el de la Excomuniación...» (Rafael Sánchez Ferlosio [1977]: *El Jarama*, Barcelona, Destino, 7).

rimentos. Esta perspectiva non se mantén moito e pronto prosegue o narrador desde un punto de vista que xa non ten nada de fundamento científico; máis ben se presenta como o eco dunha serie de lendas:

Es tierra muy viciosa de caminos, puesto que en ella, amén de la gente natural del sobremundo, andan fáciles y vigilantes pasajeros, gentes de las soterradas alamedas, difuntos vespertinos, fantasmas, huestes caballeras, ánimas redimiéndose de penas; las más de ellas, gentes fallecidas a las que alguna paulina niega descanso. Las hieren los vientos y las noches por los innúmeros caminos, hasta que sólo queda de ellas un aliento frío.

Este fragmento non deixa de lembrar algunhas liñas de Ernest Renan ao evocar a Bretaña¹⁰ e, igual que neste autor, en Á. Cunqueiro éntrese na Bretaña como noutro mundo e a presenza da morte é inmediatamente perceptible. Para Á. Cunqueiro estas primeiras páxinas permiten situar o lector no ambiente e crear as condicións para empezar a viaxe. Co fragmento enténdese por que se puido considerar que Á. Cunqueiro e J. M. Castroviejo teñen parecidas preocupacións literarias e por que na *Gran Enciclopedia Gallega* Paolo Giuseppe Caucci puido escribir a propósito dos dous escritores galegos:

A ambos escritores non les interesa solamente volver a tratar los temas de la Materia de Bretaña, sino captar principalmente ese aire de misterio, de leyenda y de enigmática simbología que se encuentra en su base y que les permite, a través del uso culto y sensible de una fantasía sin límites, esa literatura de lo fantástico y de lo irreal, que es uno de los aspectos importantes de la cultura gallega de hoy¹¹.

¹⁰ «Lorsqu'en voyageant dans la presqu'île armoricaine on entre dans la véritable Bretagne, dans celle qui mérite ce nom par la langue et la race, le plus brusque changement se fait sentir tout à coup. Un vent froid, plein de vague et de tristesse, s'élève et transporte l'âme vers d'autres pensées ; le sommet des arbres se dépouille et se tord ; la bruyère étend au loin sa teinte uniforme ; le granit perce à chaque pas un sol trop maigre pour le revêtir ; une mer presque toujours sombre forme à l'horizon un cercle d'éternels gémissements ... Il semble que l'on entre dans les couches souterraines d'un autre âge, et l'on ressent quelque chose des impressions que Dante nous fait éprouver quand il nous conduit d'un cercle à un autre de son enfer.» (Ernest Renan [1948]: *Essais de morale et de critique*, en *Ceuvres complètes*, t. II, Paris, Calmann-Lévy, 375-376).

¹¹ Paolo Giuseppe Caucci (1974): «Bretaña, materia de», en *Gran Enciclopedia Gallega*, t. 4, Gijón, Silverio Cañada, 56.

A lectura do libro que se vai propoñer a continuación afasta moito o texto desta perspectiva principalmente fantástica. A novela estrutúrase arredor das etapas dunha viaxe que se supón que dura uns tres anos (entre 1792 e 1795), aínda que o relato só se detén nuns poucos momentos que se corresponden co paso por lugares específicos¹².

O sochantre sae da súa casa da rúa dos *drapiers* en Pontivy, situada no centro histórico. De feito, Pontivy convértese no núcleo do mundo, punto de partida dun traxecto xeográfico que tamén é traxectoria vital do personaxe, iniciación para un sochantre que, ao final, se reincorpora á súa casa, modificado polo seu percorrer. Pero de momento trátase de marchar de viaxe e unha longa frase, sinuosa como a paisaxe que describe, conta a saída de Pontivy cruzando o Blavet (I, 2), rumbo a Quelven:

Para ir de Pontivy a Quelven había que cruzar el río de Blavet por la puente del Pasaje, y subir luego una cuestecilla; desde la altura resultaba muy alegre de ver la vega del Blavet, toda una pradería en el centro, y en los rodados nabizales y plantíos de avena, y las riberas del río espesas de cerezos y manzanos, y al pie de cada casa dos o tres higueras ramonas; por entre las tejas purpúreas de los tejados de Pontivy surgía heroica la torre del castillo, cubierta de hiedra; bajando en la noche de Quelven a Pontivy, parecía como si alguien hubiese posado en la tierra un gran candelabro de cien brazos: era Pontivy, con las luces de las casas encendidas, con los faroles de aceite de ballena del Cabildo, con la gran linterna de la puente ducal.

De inmediato xorde unha paisaxe en cuxa descrición cumpren un papel importante os nomes de cidades e ríos e as referencias aos principais elementos da natureza local ou supostamente local. Para empezar, dáse moita importancia á descrición da paisaxe e as referencias toponímicas precisas desempeñan unha dupla función. Por unha banda, organizan e marcan a progresión da hoste e, pola outra, funcionan a modo de hipertexto, revelándolle ao lector toda unha xeografía cultural da Bretaña e tecendo unha sutil rede de representacións da morte, especialmente de mortes violentas. Así, a continuación trátase de alcanzar Quelven e o cemiterio de Kernascléden, como indica unha orde de Coulaincourt: «—Pues

¹² Son o cemiterio de Kernascléden (I, 3), o mosteiro de Saint-Efflam (II, 1-7) e Dinan (III, 2).

adelante, Mamers, hacia el cementerio de Kernascléden —ordenó Coulaincourt». Quelven, vila cuxo nome significa «*enclos* branco», ten sona de ser unha auténtica biblioteca polas numerosas lendas e historias relacionadas con ela. A basílica de Notre-Dame de Quelven é un lugar de perigrinaxe e encerra unha virxe retablo, das poucas que aínda se conservan. O mesmo nome é evocador de todo un mundo.

Pasan polo cemiterio de Kernascléden, vila na que se conserva unha magnífica danza da morte que enlaza perfectamente coa temática da novela aínda que non se mencione (fig. 1). No cemiterio ten que se limpar o defunto de Quelven. Outra vez, para acceder a todas as camadas de significados, Á. Cunqueiro só pode contar coa forza evocadora do topónimo para os que coñecen este patrimonio bretón. A seguinte etapa será a noite no mosteiro de Saint-Efflam¹³ (I, 4) e alcanzan o lugar¹⁴, onde, retomando tradicións anteriores, como en *Os contos de Canterbury*, se insire a segunda parte, composta dos diferentes relatos. Estes sitúanse no devandito mosteiro e ambientar toda a segunda parte neste punto permite convocar a Efflam e a súa dona, Enora, coa alusión ao cenobio que edificaron no terreo dado en agradecemento á axuda achegada polo santo e no cal se refuxiaron¹⁵.



Figura 1a



Figura 1b

¹³ «Dejaron el camino real poco más allá de Les Pieux, y la carroza debía de correr ahora por campo abierto»; «Ahora vamos hacia las ruinas del monasterio de Saint-Efflam-la-Terre»; «Se veían a lo lejos unas luces, que debían ser, por lo recorrido por la carroza, las de la villa de Kernascléden».

¹⁴ «La carroza pasó a rodar por piso enlosado. Estaban en las ruinas del monasterio de St.-Efflam-la-Terre. Cuando la carroza se detuvo en el viejo patín de honor, en el silencio de la noche se oyó tres veces la lechuza.»

¹⁵ Vid. François-Marie Luzel (2014): *Notes de voyage en Basse-Bretagne (Côtes d'Armor — Îles de Bréhat et d'Ouessant)*, Cressé, Éditions des Régionalismes, 25-31.

Finalizados os distintos relatos, retoman a viaxe tras pasar a noite¹⁶ e o percorrido segue por camiños reais e de carros, con todos os detalles para os lectores. Agora trátase de ir a Dinan e no camiño evócanse algúns lugares históricos. O traxecto lévaos a Rostrenen, Carhaix e Guingamp¹⁷. Parece que Á. Cunqueiro menciona a cidade de Rostrenen para orientar o lector viaxeiro, sen que esta cumpra un papel especial. Porén, foi sede dunha potente baronía (Riwalon, *sénéchal* da Bretaña en 1068) e a cidade creceu arredor dun castelo de madeira no século VII, logo ampliado e fortalecido ata se converter en castelo de altas murallas. Tamén, e sobre todo, relaciónase a cidade co período das guerras da liga da Bretaña (1588-1598), nas cales interviñeron os españois¹⁸. Tras tres anos de asedios, a finais do século XVI o castelo foi queimado e destruído. O recurso á historia grazas á mención de nomes significativos é sistemático no relato e, desta forma, é todo un pasado de poder e de loitas o que se convoca, o que lle permite ao escritor esbozar un pano de fondo de grande espesor histórico con visos de reflexión filosófica e cunha economía máxima.

A seguinte etapa é a cidade de Dinan e, moito antes da chegada (III, 2), pódese seguir o camiño que leva a ela grazas a unha serie de mencións xeográficas¹⁹:

¹⁶ «Cuando salieron de Saint-Efflam-la-Terre, muy de mañana [...]» (III).

¹⁷ «La carroza corría por el camino de Rostrenen, que va por la ribera del río Scorff, por entre prados en este enero medio cubiertos por las aguas. Cuando se vio el castillo de Rostrenen, la carroza dejó el camino real por uno de carro, algo en cuesta, que después de rodear unos pastizales entraba muy sabroso en la selva de Goullic, por entre alisos que se espejaban en las pequeñas lagunas.»

¹⁸ «Du côté espagnol aussi, la Bretagne nourrissait bien des débats de nature géopolitique et militaire. Elle entrait dans les plans imaginés par les Hispaniques pour résoudre des problèmes aussi divers que la répression du soulèvement aux Pays-Bas, l'invasion de l'Angleterre, la captation du pouvoir en France, la gestion des relations ambiguës entretenue avec la Ligue catholique, la destitution d'Élisabeth et le rétablissement de la religion papiste dans la grande île. Philippe II, depuis 1580 au moins, surveillait d'un œil intéressé la péninsule armoricaine, étape et base de ravitaillement idéale pour ses opérations de Flandre et sa conquête de l'Angleterre. Ses juristes avaient clairement établi que "la Bretagne n'avait jamais fait partie du royaume de France" et faisaient état des droits que l'Infante Isabelle, descendante directe d'Anne de Bretagne et de Claude de France, possédait sur le duché. La diplomatie secrète de Philippe II en direction des ligueurs de France, ouvertement déclarés ou non, était double. L'un de ses versants concernait le duc de Mayenne, l'autre le duc de Mercœur, entités politiques nettement séparées. Mercœur sera traité par Philippe II et ses ambassadeurs à l'égal de Mayenne pourtant chef nominal de la Ligue.» (Hervé Le Goff [2010]: *La Ligue en Bretagne*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes, 25).

¹⁹ «Corría la carroza por la llanura de Huelgoat; el camino estaba enfangado»; «Bajaban para pasar el vado del Aulne, que es una corriente viva y clara»; «El camino real de Carhaix a Guingamp, donde la hueste haría noche en una posada de la que se hablará, corre por entre espesos brezales y grandes charcos de agua

Huelgouat, Carhaix, Guingamp, Lanrivain. Dinan resúmese na praza da igrexa Saint Sauveur, en parte vestixio do século XII, que permite evocar tempos en que a Igrexa favorecía arredor dela a expresión dun sentimento colectivo. O erro de *monsieur* de Nancy —guillotina o sustituto Toulet presente en Dinan para «enseñar a Monsieur de Bretaña la práctica de la guillotina»— obrígaos a abandonar rapidamente Dinan e así chegan a Combourg²⁰, outro nome famoso relacionado con Chateaubriand e de gran forza evocadora. En Combourg remata o percorrido pola Bretaña da hoste, pero non a viaxe, xa que se aproveitan da proximidade de Normandía e dalgúns lugares para penetraren na rexión veciña, co pretexto dunha función de teatro en Comfront²¹. Queda por localizar este Comfront²², punto de representación da nova versión de *Romeo e Xulieta*. Existe unha cidade cativa de Normandía chamada Domfront. Polos datos engadidos por Á. Cunqueiro, podería ser unha deformación ou unha reunión de Camfrou e Domfront. O primeiro lugar é punto de partida de peregrinaxe a Santiago de Compostela e o segundo está nas proximidades de Bagnoles de l'Orne, no departamento do Orne, en Normandía. Existe tamén un Saint-Cornier-des-Landes preto de Domfront que permitiría entender o porqué da referencia aos Landes. Alén diso, Domfront é cidade relacionada co tema da morte violenta, como demostra o refrán que reza: «Domfront, ville de malheur ! / Arrivé à midi, / Pendu à une heure ! / Seulement

blancuzca»; «Iban hacia Lanrivain, cortando por las landas de Carhaix, por el camino viejo, que nadie atravesaba hacía más de cincuenta años, desde que degollaran en él a un mendigo de Plouaret que iba a Sainte-Anne d'Auray a la romería, y a partir de entonces sale al camino el pobre con la cabeza en la mano a pedir limosna a los que pasan, y hay que ponerle la moneda en la boca»; «La posada donde iban a hacer noche estaba en un altillo, a dos leguas de Guingamp, perdida en medio de los herbales de Moedac»; «nueve señores chouans, bajo el mando de mi primo Du Crann, y se vinieron a apostar en esta soledad, porque a la hora del alba pasarán camino de Morlaix, por la carretera real de Saint-Brieuc, dos cañones republicanos, y los caballeros de Bretaña piensan tomarlos a pólvora y espada»; «Con la punta de la vaina del largo sable en el suelo, que era de tierra, trazó una línea que figuraba la carretera real, y a la derecha de ella hizo un pequeño agujero, que era el bosque de Preml, y a la izquierda otro, que era donde estaban, la vieja torre de Mordeac»; «Al llegar a Dinan, se apearon detrás de la iglesia del Saint-Sauveur».

²⁰ «—Aún no sé cómo pasó lo que pasó —contaba monsieur De Nancy cuando la noche de aquel día sorprendió a la hueste en los alrededores de Combourg.»

²¹ «—Pues me gustaría ir a esa función en el atrio de Comfront —dijo el coronel Coulaincourt—, que siempre me atrajo mucho el teatro.»

²² «Comfront está en un alcor, y es mercado de lana en tierra de buenos pastizales. Había sido otrora castillo famoso, pero modernamente era nombrada la villa por una lana torcida que se llama *dovinet*, y es buena para rellenar pelucas por lo liviana que es en el verano y lo que calienta en el invierno.»

point le temps de dîner !!». En todo iso podería inspirarse Á. Cunqueiro para mesurar elementos ficticios co que parecía ser un auténtico manual de xeografía. Os seus defuntos non carecen de certo sentido do benestar e, así, algúns van camiño dos baños termais mentres o resto da compañía agarda por eles nas ruínas de La Ferté-Macé²³. E, tras unha nova aventura semiamorosa en Bagnoles de l'Orne, remata a viaxe e desaparece a hoste. Pola súa banda, regresa á casa o sochantre. O itinerario completo abrangue a metade leste da Bretaña e unha pequena parte de Normandía. Este traxecto complétase coa mención dunha serie de lugares que amplían o espazo considerado: Hennebont, Audierne, Quimper, Le Faouët, Huelgoat, Guingamp, Lanrivain etc. A longa enumeración de topónimos, completados con algún nome de río (Blavet, Scorff) e de bosque (Goulic), permite a ambientación da novela nun espazo xeográfico ben identificable, a Bretaña, para seguir o percorrido do sochantre e da hoste, mais, sobre todo, actúa como unha serie de balizas da memoria. A novela é semellante a un milfollas que superpón camadas de significados e o tema da viaxe corre parello doutro que é o da busca, tema fundador do relato céltico. Neste sentido, o episodio dos nove *chouans* é revelador do tratamento da materia bretoa. O curmán de Coulaincourt, Du Crann, permite convocar un lugar interesante, Notre-Dame-du-Crann, famosa por unha vidreira que representa o apóstolo Santiago, outro viaxeiro (fig. 2):



Figura 2

²³ «[Q]uería ir antes don Quay Pierre a Bagnoles de l'Orne a tomar un baño de barro»; «En Bagnoles de l'Orne entrarían solos el hidalgo y el sochantre, que el resto de la compañía esperaría en las ruínas de La Ferté-Macé».

Au troisième panneau nous sommes en pleine mer : le corps de saint Jacques repose étendu dans une barque qui vogue seule, sans matelots et sans pilote : un ange la suit en volant et souffle dans la voile pour la gonfler. Voici maintenant Compostelle ; le mort vénéré a été placé sur un chariot attelé de bœufs qui se dirigent d'eux-mêmes vers la ville²⁴.

Iso invita a considerar a viaxe do sochantre como experiencia, viaxe iniciática que o metamorfosea, xa que ao regresar á casa ten que aceptar unha nova personalidade, oposta á que era a súa antes do percorrido.

A diferenza dos relatos de J. M. Castroviejo, Á. Cunqueiro non se vale de personaxes identificados como bretóns do pobo e non recorre ao tradicional. A experiencia vivida polo sochantre é a da morte. Tema único da novela —desde o temor á morte violenta expresado polos pesadelos do sochantre nas primeiras páxinas—, a morte invádeo todo ata, como se viu, atoparse detrás dos topónimos, que remiten a un patrimonio histórico que contribúe a encher o espazo narrativo²⁵. Para alén da viaxe, coa mención dos topónimos, o relato permite abranguer unha gran parte do territorio bretón con alusións a numerosas cidades del (fig. 3). Á. Cunqueiro abarca así unha ampla franxa da Bretaña e do oeste de Francia coa incursión en Normandía e referencias a Nantes e Angers.




Figura 3

²⁴ Anatole Le Braz (1937): «V. De Collorec à Landeleau. Spézet — Saint-Hernin. Carhaix», en *Les Saints bretons d'après la tradition populaire en Cornouaille, 1893-1894*, publicado en *Les annales de Bretagne*, Paris, Calmann-Lévy.

²⁵ Anatole Le Braz recorda que a Bretaña é terra de morte: «La Bretagne pays de la mort», en *La Bretagne*, 176-178.

Para o proxecto literario e filosófico que era o seu, Á. Cunqueiro podía prescindir dun coñecemento directo da Bretaña. En cambio, éralle especialmente necesario un coñecemento case enciclopédico dela, das súas terras moito, dos seus homes e mulleres menos. A experiencia da morte allea modifica a vida e a filosofía do mozo sochantre e cabe lembrar ao respecto a experiencia de E. Renan, de paso no cemiterio de Ploubazlanec para sentir o espesor da experiencia vivida:

Ce jour-là, j'éprouvai le sentiment de l'immensité de l'oubli et du vaste silence où s'engloutit la vie humaine avec un effroi que je ressens encore, et qui est resté un des éléments de ma vie morale²⁶.

Isto puido levar a lecturas da novela como inspirada nos horrores da Guerra Civil. Pode ser, aínda que non funcione perfectamente esta interpretación, moi limitadora, ademais, do alcance da novela. En troques, hai unha coincidencia rechamante: en 1957, un ano despois da publicación de *Las crónicas...*, Michel Butor publicou *La Modification*, novela que forma parte do chamado *nouveau roman*²⁷. Durante unha viaxe en tren, ritmada polas estacións entre París e Roma, o protagonista experimenta unha mudanza profunda na súa vida persoal. Algo parecido lle ocorre ao sochantre, que se converte en álder ego doutro personaxe inscrito nun tempo e nun espazo diferentes, pero cunha angustia existencial semellante. Así que ben parece que, igual que ao poñer o pé no departamento do tren²⁸ o protagonista da novela de M. Butor inicia a súa «modificación», ao subir á carroza inicia o sochantre unha metamorfose persoal que modifica a súa relación coa vida e coa morte. A ela contribúe non soamente a compañía dos defuntos, senón tamén o percorrido por estes lugares que celebran a morte. E ese ben podería ser o tema central da novela, en consonancia esta vez con outros novelistas europeos da época, pero seguindo camiños moi distintos.

Chegado ao final da novela, con este «Epílogo para bretones», Á. Cunqueiro deixa como un convite a retomar a lectura do último volume do seu «ciclo bretón», outorgándolle á materia bretoa un papel moito máis complexo do que o lec-

²⁶ Ernest Renan (1949): *L'Avenir de la science*, en *Ceuvres complètes*, t. III, Paris, Calmann-Lévy, 903.

²⁷ Michel Butor (1957): *La Modification*, Paris, Éditions de Minuit.

²⁸ «Vous avez mis le pied gauche sur la rainure de cuivre, et de votre épaule droite vous essayez en vain de pousser un peu plus le panneau coulissant» (M. Butor, *op. cit.*).

tor podería pensar. Por moi afastado das orientacións da narrativa do seu tempo —dominada polo realismo social en particular— que estea Á. Cunqueiro, trouxo unha maxistral achega á literatura dos sesenta na que a Bretaña e os bretóns gañaron de rebote un primeiro papel, cando o esencial está nas circunstancias que modifican o home, sexa vendedor de máquinas de escribir como Léon Delmont en *La Modification*, sexa sochantre bombardino. Fundamentándose na obsesión común polo paso do tempo e a morte, Á. Cunqueiro propuxo unha viaxe máis filosófica que xeográfica, na cal o tema do realismo quedou relegado.

Xa é tempo de volver ler estas imprescindibles crónicas.